

## NADAL 2016 NO CENTRO CÍVICO SEIXALBO

Informámoslle das actividades extraordinarias programadas con motivo das datas de Nadal no Centro Cívico Seixalbo:

- **DECOREMOS DE NADAL O CENTRO CÍVICO E O BARRIO.**

-14, 15 e 16 de decembro. De 18:00 a 20:00 horas. Obradoiros para nenas e nenos de adornos de Nadal, decoración do centro e saída para adornar os locais e establecementos veciños.

- **PAPÁ NOEL E OS SEUS DUENDES VISITAN O CENTRO CÍVICO:**

-19 de decembro ás 18:00 horas

- **INAUGURAMOS O NADAL NOS CENTROS CÍVICOS E NO BARRIO:**

Festa de Nadal na que convidaremos a todos os veciños e veciñas.

**-21 DE DECEMBRO ÁS 18:00 HORAS**

**-PROGRAMA:**

-Contacontos de Nadal co conto: “O xigante comilón”. Aula de Teatro da Terceira Idade.

-Panxoliñas. Coral Gaudeamus da Aula de Música da Terceira Idade e Capela Madrigalista.

-Panxoliñas. Nenas e nenos das Actividades dos Centros Cívicos.

-Exhibición de Bailes de Salón: pasodoble, tango e cha-cha-chá. Alumnas e alumnos dos Cursos de Baile dos Centros Cívicos.

-Chocolatada de inicio de Nadal, Felices Festas!



Os seguintes obradoiros especiais para nenos e nenas modifican o horario das Actividades de semana nas que anotou a seu fillo/filla nas seguintes datas que pasan a ser de luns a venres de 10:30 a 13:00 horas:

- **OBRADOIROS DE NADAL**: as Actividades semanais cambian o horario nas seguintes datas e pasan a ser de luns a venres de 10:30 a 13:00 horas:
  - 26 e 27 de decembro: Obradoiro “Disfraces de Nadal”
  - 28, 29 e 30 de decembro: Preparación da Festa de Fin de Ano, Obradoiro de “Contacontos e manualidades para a Festa de Fin de Ano”.
  - 2 e 3 de xaneiro: Obradoiro de cociña “Máster Chef de Nadal”
  - 4 e 5 de xaneiro: chegan os Reis, regalamos música, Obradoiro “Facemos instrumentos musicais de Nadal e gravamos a nosa música”.
  - 4 de xaneiro: instalárase nos arredores do centro, de 11:00 a 13:00 horas, a caravana co “Cine máis pequeno do mundo”.

En todas as actividades e **SÓ DURANTE O NADAL** poderán participar todos os nenos e todas as nenas anotados nas actividades dos centros cívicos da semana e dos sábados e que estean empadroados no Concello de Ourense